

# HISTORIA DA ARTE

## GLOSARIO ILUSTRADO

# A

Ábsida

Altorrelevo

Aparello almofadado

Aparello de cachotería

Aparello de perpiaño

Arcobotante

Arco apuntado

Arco de ferradura

Arco de medio punto

Arco de faixa

Arco formeiro

Arco peraltado

Arco rebaixado

Arquitrabe

Arquivolta

# B

Baixorrelevo

Baldaqüino

Baptisterio

Base

Bóveda de aresta

Bóveda de canón

Bóveda de cruz

# C

- Cadro de Historia
- Cadro de xénero
- Canon
- Capitel composto
- Capitel corintio
- Capitel dórico
- Capitel xónico
- Ciborio
- Claroescuro
- Clave dun arco
- Color plana
- Color primaria

Color secundaria ou binaria  
Color complementaria  
Columna salomónica  
Contraforte  
Contraposto  
Cornixa

Cúpula  
Curva praxiteliana

# D / E

Deambulatorio

Doela

Espazo límite

Espazo medio

Entaboamento

Éntase

Escultura de vulto redondo

Escultura exenta

Esfumado/sfumato

Estatua ecuestre

Estatua-columna

Estilo

# F / I / L / M

Friso

Fuste

Iconografía.

Iconoloxía.

Imposta

Liña serpentinata.

Ménsula

Métopa

Modelado

Ménsula

Métopa

Modelado

Nártice

Natureza

morta/bodegón

# P

**Paisaxe**

**Parteluz**

**Pendente**

**Perspectiva xerárquica**

**Perspectiva aérea**

**Perspectiva lineal**

**Pictórico**

**Piar**

**Pilastra**

**Plan central**

**Planta basilical**

**Planta cruz grega**

**Planta cruz latina**

**Plástico**

**Presbiterio**

# R / T / V / X

Retrato

Rosetón

Técnica de panos mollados

Tímpano

Torso

Tribuna

Triforio

Triglifo

Trompa

Veladura


Xamba



# A

## ÁBSIDA:

Construcción con planta semicircular ou poligonal, cuberta con bóveda, que sobresaie na parte posterior dun templo e onde se sitúa o altar maior.



## Alto relevo:

En escultura, relevo no cal o seu vulto sobresaie máis da metade do fondo.


**Baixo relevo:** Relevo que sobresaie do fondo menos da metade do vulto.



# A

## APARELLO ALMOFADADO:

Aparello no que as xuntas da cantaría están biseladas ou refundidas presentando un perfil convexo, con forma de almofada.



Almohadillado rústico



Almohadillado de inglete



## APARELLO DE CACHOTERÍA:

Aparello no que a cantaría está disposta de forma irregular.



## APARELLO PERPIAÑO:

Aparello no que a cantaría está disposta de forma regular, formada por pezas cuadrangulares.



# A

## ARCO:

Estructura arquitectónica curvilínea que descarga o peso que recibe cara os soportes en que apoia, (piases, columnas, muros)



DICIONARIO VISUAL de TÉRMINOS ARQUITECTÓNICOS © CÁTEDRA






# A

## ARCO:

Estructura arquitectónica curvilínea que descarga o peso que recibe cara os soportes en que apoia, (piares, columnas, muros)



### Partes:

- 1.- Imposta
- 2.- Salmer
- 3.- Dovela
- 4.- Contraclave
- 5.- Clave
- 6.- Intradós
- 7.- Extradós (trasdós)
- 8.- Rosca
- 9.- Luz
- 10.- Flecha
- 11.- Riñón
- 12.- Jamba

# A

## Arcobotante ou botarel ou de Esteo

Arco que transmite ós contrafortes a presión doutro arco ou bóveda.


Característico da arquitectura e gótica.



## Arco apuntado ou Oxival:

Arco de dous centros, co intradorso formando un ángulo na clave.

Característico da arquitectura islámica e gótica.



## Arco de ferradura:

O arco ultrasemicircular, cun só centro, máis alto que a liña de impostas.

Característico da arquitectura islámica.



# A

## Arco de medio punto


Arco de forma semicircular, cun só centro á altura da liña de impostas. É o máis común.

## Arco faixón

Chamado tamén perpiaño. É o que se dispón transversalmente ó eixe da nave.


## Arco formeiro

O paralelo ó eixo lonxitudinal da bóveda. Xeralmente comunica a nave central coas laterais.



ARCOS FAIXÓNS

ARCOS FORMEIROS






# A


## Arco peraltado:

Arco de medio punto con dúas prolongacións rectas ou peraltes que o converten nun arco ultrasemicircular.



## Arco rebaixado:


Arco no que a curva é inferior á media circunferencia.



# A

## ARQUITRABE

Elemento horizontal na parte inferior do entaboamento, que apoia directamente sobre o capitel ou elementos sustentantes e serve de apoio ao friso.






# A

## ARQUIVOLTAS:

Conxunto de arcos concéntricos en serie decrecente que forman un van abucinado. Poden levar decoración variada, xeométrica, zoomórfica, antropomorfa etc.






**arco apuntado**



**arco de herradura**



**arco polilobulado**



**arco ojival**



**arco recortado**



**arco tribulado**



# ARCOS

## Tipos de arco (según su centro)



De medio punto

### De un centro



Escarzano



Peraltado




Rebajado

### De herradura



Visigodo



Emiral cordobés




Califal cordobés


### De dos centros




Apuntado



En cortina



Rampante




Tumido

### De tres o más centros



Conopial



En gola



Polilobulado



Trilobulado



Carpanel



Mixtilíneo



Tudor

## Tipos de arco (orden alfabético)



Abocinado



Adintelado



Angrelado




Ciego



De descarga



De entibo



Deprimido



Deprimido rectilíneo



Angular



Arcosolio



Catenario



Entrecruzado




Esviado



Fajón




Falso



Festoneado



Formero



Geminado



Perpiaño



Toral



Triunfal

# B

Baixorrelevo

Baldaqüino

Baptisterio

Base

Bóveda de aresta

Bóveda de canón

Bóveda de cruz



# B

## Baixo relevo:

Relevo que sobressae do fondo menos da metade do vulto.

## Alto relevo:

En escultura, relevo no cal o seu vulto sobressae máis da metade do fondo.



# B



## Baldaqüino

Estrutura arquitectónica formada por unha cuberta apoiada sobre catro elementos sustentantes (piares ou columnas), que se sitúa sobre unha tumba ou altar, inspirada no dosel de tea sostido por pértegas nos extremos, usado por papas e bispos. Tamén sobre cadeiras, tronos e leitos.



# B



**Baptisterio:** Lugar onde se atopa a pía bautismal, en Italia, no Románico e no Gótico, edificio xeralmente de planta central, soe estar exento diante da fachada principal da igrexa propiamente dita. Tamén situado dentro das igrexas en forma de pía, preto da entrada principal.

# B



→ Fuste

→ Base


**Base:** Parte inferior da columna sobre a que se asenta o fuste. Nas ordens clássicas a dórica carece de base.





# B


- **Bóveda:** Estructura que cobre de forma arqueada un espacio entre muros, piales ou columnas.



# B

## Bóveda de arista

Orixínase polo cruzamento perpendicular de dúas bóvedas de canón.




## Bóveda de canón:


A orixinada polo desprazamento dun arco de medio punto ó longo dun eixe lonxitudinal.



## Bóveda de cruzaría:

A formada por arcos ou nervios que se cruzan diagonalmente sobre unha clave central común. Tamén chamada nervada ou oxival.







# C

- Cadro de Historia
- Cadro de xénero
- Canon
- Capitel composto
- Capitel corintio
- Capitel dórico
- Capitel xónico
- Ciborio
- Claroscuro
- Clave dun arco
- Color plana
- Color primaria

Color secundaria ou binaria  
Color complementaria  
Columna salomónica  
Contraforte  
Contraposto  
Cornixa

Cúpula  
Curva praxiteliana

# C

## CADRO DE HISTORIA

Pintura que representa temas históricos ou lendarios con certo carácter exemplarizante.

Na tradición academicista merecía xunto coa relixiosa, a maior consideración.

Cobra importancia no s. XVII, acadando o máximo desenvolvemento no século XIX.



## CADRO DE XÉNERO

# C

Pintura que representa escenas da vida cotiá, principalmente das clases populares.

Xurdida en Holanda no s. XVII, extendendose polo resto de Europa.




# C

## CANON

Trátase dunha relación matemática que serve de módulo ou medida entre os elementos que integran cada unha das partes, as partes entre sí, e estas no conxunto. En arte é a medida considerada correcta e harmónica.

Na Grecia clásica destacan as teorías de Policleto e Lisipo.



*POLÍCLETO: Doriforo*  
CANON DE 7 CABEZAS

*LISIPO: Apoxiomenos*  
CANON DE 7 1/2 CABEZAS




# C

## CANON

Trátase dunha relación matemática que serve de módulo ou medida entre os elementos que integran cada unha das partes, as partes entre sí, e estas no conxunto. En arte é a medida considerada correcta e harmónica.

Na Grecia clásica destacan as teorías de Policleto e Lisipo.



*POLÍCLETO: Doriforo*  
CANON DE 7 CABEZAS

*LISIPO: Apoxiomenos*  
CANON DE 7 1/4 CABEZAS



# C

## CAPITEL

Parte superior dunha columna, piar ou pilastra, sobre o fuste, que sustenta a arquitrabe ou un arco.



# CAPITEL COMPOSTO

- Combinación do capitel corintio (follas de acanto e as volutas do xónico).



XXIII





# C

**Capitel corintio:** Parte superior da columna, formado por follas de acanto con catros volutas nos seus ángulos superiores, chamados calículos.




**Capitel dórico** Parte superior da columna, formado por un elemento cuadrangular que descansa sobre o equino e sustenta a arquitrabe.



**Capitel xónico:** Parte superior da columna, está formado por volutas en forma de espiral sobre o que vai un ábaco moi fino.



TIPOS DE COLUMNAS



# C



**Ciborio:** Construcción elevada sobre o cruceiro (para dar luz ó interior da construción), que habitualmente ten forma de torre de planta cadrada ou octogonal. Xeralmente remátase con chapitel.



# C



## CLAROSCURO

*Gradación e contraste* entre zonas cromáticas de valores tonais diferentes. Contribúe a crear un efecto ilusorio de tridimensionalidade.

Acada a súa máxima expresión no “tenebrismo” co que se logran efectos expresivos e dramáticos.



# CLAROSCURO




Gradación e contraste entre zonas cromáticas de valores diferentes (entre luces e sombras). Contribúe a crear un efecto ilusorio de tridimensionalidade.

Acada a súa máxima expresión no “tenebrismo” co que se logran efectos expresivos e dramáticos.

# C

## CLAVE DO ARCO:

Doela central en forma de cuña que serve para pechar un arco ou lintel



### Partes:

- 1.- Imposta
- 2.- Salmer
- 3.- Dovela
- 4.- Contraclave
- 5.- Clave
- 6.- Intradós
- 7.- Extradós (trasdós)
- 8.- Rosca
- 9.- Luz
- 10.- Flecha
- 11.- Riñón
- 12.- Jamba

# C

## COLUMNNA

Elemento arquitectónico vertical, de sección cilíndrica ou poligonal, que soporta o peso da construción superior. Polo xeral constituída por base, fuste e capitel.

Cando non ten función sustentante trátase dunha columna conmemorativa ou decorativa.





# C




## COLUMNA SALOMÓNICA

a que ten o fuste helicoidal.

O nome ven da suposición de que así eran as do templo do rei Salomón.


Moi utilizada no barroco.

# C



CONTRAFORTE,  
estribo ou Machón.

Elemento arquitectónico de forma prismática que se une a un muro pola súa parte exterior, para reforzalo e contrarrestar os pulos da construción, xeralmente da bóveda.



# C



## CONTRAPOSTO

En pintura e escultura, posición que adopta unha figura humana de xeito que as diferentes partes queden equilibradas: se a cabeza está virada nunha dirección, o corpo virase na outra. Permite **distribuír de xeito harmonioso as masas**, dando unha idea de movemento sereno. Estudado polos escultores clásicos, Policleto, Lisipo e Praxíteles, supuxo o **abandono da Ley da frontalidade**, retomado polo renacemento e levado aos seus extremos polo manierismo (liña serpentinata)





# C

## CURVA PRAXITELIANA

Contraposto acusado, postura escollida polo escultor Praxíteles para dotar de vida as súas obras. O peso do corpo recae nunha das pernas ao tempo que inclina a cadeira oposta, resultando un desequilibrio caracterizado por unha liña ondulante en toda a figura, que a dota de flexibilidade e gracilidade (*charis*).



# C

## COR PLANA:

As que non presentan matices nin contrastes. Non dan sensación de profundidade. Nalgúns casos semellan irrealis.



**Manuel Espiña**, cura da Coruña que se atreveu a chamar verdugo a Franco. Foi xulgado polo Tribunal de Orden Público (TOP) da ditadura e condenado a unha multa de 150.000 pesetas, que daquela eran millóns. Cando lle puxeron aquela multa impagábel por denunciar a inhumanidade no medio de tanto silencio cómplice, chegoulle una inesperada axuda. A do pintor **Luís Seoane**, que lle enviou un dos cadros emblemáticos da pintura galega moderna: O Cristo obreiro. E co cadro unha mensaxe: "No Deus que vostede predica, tamén creo eu".



# C

## CORES PRIMARIAS:

Maxenta, amarela e azul. Non se poden obter pola mestura doutras cores e combinadas entre si producen todas as demais.

## Cores SECUNDARIAS ou BINARIAS:

Aquelas que se obteñen coa mestura de dúas primarias: laranxa (magenta+ amarela), verde (amarela + azul) e violeta (magenta+ azul)

## Cores COMPLEMENTARIAS:

Parellas conformadas por unha cor primaria e a secundaria producida pola mestura das restantes primarias:




A intensidade da cor depende das que a rodean, potenciándose co complementario.

# C

## CORNIXA

Elemento arquitectónico clásico, remate do entaboamento en forma de moldura voada, ás veces sostida por ménsulas.






# C

## CÚPULA

**Bóveda semiesférica** que xeralmente cobre un espazo cadrado. Para pasar a unha planta circular ou octogonal empréganse trompas, ou pendentives.

Ás veces **asenta sobre** un corpo cilíndrico ou poliédrico, o **tambor**, con fiestras para achegar luz. Coroadada por unha **lanterna**.





# D / E

Deambulatorio

Doela

Espazo límite

Espazo medio

Entaboamento

Éntase

Escultura de vulto redondo

Escultura exenta

Esfumado/sfumato

Estatua ecuestre


Estatua-columna

Estilo

# D


## Deambulatorio

Corredor que rodea a parte traseira do presbiterio: É prolongación das naves laterais e só excepcionalmente se dá sen elas. Tamén CAROLA.



## Doela

Cada unha das pedras que, labradas en forma de cuña, forman un arco.



### Partes:

- 1.- Imposta
- 2.- Salmer
- 3.- Dovela
- 4.- Contraclave
- 5.- Clave
- 6.- Intradós
- 7.- Extradós (trasdós)
- 8.- Rosca
- 9.- Luz
- 10.- Flecha
- 11.- Riñón
- 12.- Jamba

# E

## ESPAZO LÍMITE

A subordinación ao marco arquitectónico . Por exemplo na escultura románica, o límite natural da escultura e do relevo son as portadas e os capiteis.



## ESPAZO MEDIO ou

**Plano medio** según H.Shäiufer a forma en que os exipcios representaban a figura humana en escultura e pintura. É unha forma de representación mental e intelectual, mostran o que observan na súa mente como realidade. O obxecto que se vai representar despézase, dende un punto de vista e o artista ensambla as pezas polo lado que considera máis importante, por exemplo a liña de ombros e o ollo representado de fronte e todo o demais de perfil. (Perspectiva torcida).






# E

## ENTABOAMENTO

Nos templos grecorromanos, o conxunto de pezas arquitectónicas sostidas por columnas. O entaboamento está composto por tres elementos: arquitrabe, friso e cornixa.



## ENTASE

Mecanismo de corrección visual típico da arquitectura clásica. Mediante un engrosamento do fuste das columnas na súa parte media conséguese, por efecto de perspectiva, que o fuste semelle recto.




# E

## ESCULTURA DE VULTO REDONDO

Aquela que pode ser contemplada desde calquera punto de vista ó seu redor.

## ESCULTURA EXENTA



# E

## ESTATUA ECUESTRE

Tipoloxía escultórica na que se representa ó retratado sobre un cabalo.



## ESTATUA COLUMNNA

Estatua apegada ó fuste dunha columna, frecuente nas portadas do románico e do gótico.






# E

## ESFUMADO/SFUMATO

Técnica pictórica que consiste en deixar imprecisos ou esvaecidos os contornos das figuras representadas, conseguindo así efectos atmosféricos, rebaixando os tons.



# E

## ESTILO

Modo ou maneira particular de facer dun artista, grupo ou escola, dunha época ou dun lugar determinado, que presenta unha serie de trazos formais constantes, recoñecibles e individualizables.



# F / I / L / M

Friso

Fuste

Iconografía.

Iconoloxía.

Imposta

Liña serpentinata.

Ménsula

Métopa

Modelado

Ménsula

Métopa

Modelado

Nártice

Natureza


morta/bodegón



# F

## FRISO

Nas ordens arquitectónicas clássicas, franxa horizontal do entaboamento entre a arquitrabe e a cornixa, pode ser liso ou decorado con motivos escultóricos.



## FUSTE

Corpo da columna entre o capitel e a esetilóbata ou a base. Pode ser monolítico ou formado por tambores, liso, acanalado, estriado, anelado, almofadado etc.



## ICONOGRAFÍA

Ciencia que estudia as orixes, formación e desenvolvemento dos temas figurados (das imaxes) e dos atributos cos que poden identificarse e dos que normalmente van acompañados, relacionándoos con fontes literarias.



## ICONOLOXÍA

Ciencia que estudia o sentido que as formas, imaxes, etc. dunha obra, posúen en canto ó alegórico ou simbólico.

I

## IMPOSTA

Elemento moldurado dende o que arrinca un arco ou unha bóveda, sobre o que apoia a doela chamada saimel.

Moldura ou saínte no exterior que indica a separación das diferentes plantas dun edificio.





L

## LIÑA SERPENTINA TA

Liña que forman o lombo, cabeza, ombros e cadeiras dunha figura, que se retorce nunha especie de **movemento helicoidal**, dando a impresión de contrabalanceo. Moi común no manierismo



# M

## MÉNSULA:


Elemento arquitectónico que sobresae dunha parede e serve para soste arcos, nervios dunha bóveda, cornixas, balcóns etc.

Tamén **CANZORRO** OU **MODILLÓN**.



## METOPA

Elemento arquitectónico cuadrangular situado entre dous triglifos, decorado ou non, que fai parte do friso dórico. Intervalo entre os modillóns.




## MODELADO

Traballo escultórico en barro ou cera, realizado cos dedos e instrumental de madeira, a diferenza da talla, **integra dúas técnicas opostas**: quitar e agregar material

# N

## NARTICE

Do latín *narthex*. Na basílica paleocristiá, sala contigua á mesma, porticada e reservada ós catecúmenos (non bautizados), precede ás naves despois do atrio.





# N

## NATUREZA MORTA / BODEGÓN

**Tema** dun cadro que representa **seres inanimados, animais mortos, vexetais e obxectos**. O termo foi cuñado no século XVIII aínda que hai exemplos no helenismo, nos frescos de Pompeia e nos mosaicos bizantinos. Coa reforma no s. XVI que fixo desaparecer a pintura relixiosa no norte europeo, aumentou a popularidade desta temática, transformándose no s. **XVII nun xénero autónomo**, presente en Caravaggio, Zurbarán, nos artistas holandeses



# P

**Paisaxe**

**Parteluz**

**Pendente**

**Perspectiva xerárquica**

**Perspectiva aérea**

**Perspectiva lineal**

**Pictórico**

**Piar**

**Pilastra**

**Plan central**

**Planta basilical**

**Planta cruz grega**

**Planta cruz latina**


**Plástico**

**Presbiterio**

# P

## PAISAXE

Tema pictórico inspirado na natureza. Aplicase tamén á paisaxe urbana e á mariña. Pode levar ou non figuras. Como xénero autónomo é unha creación da idade Moderna. Os paisaxistas holandeses séc. XVII levan esta pintura ao máximo esplendor, continuando nos séculos seguintes





# P

## PAISAXE

Tema pictórico inspirado na natureza. Aplicase tamén á paisaxe urbana e á mariña. Pode levar ou non figuras. Como xénero autónomo é unha creación da idade Moderna. Os paisaxistas holandeses séc. XVII levan esta pintura ao máximo esplendor, continuando nos séculos seguintes



# P

## PARTELUZ

Columna que divide en dous o oco dunha porta ou ventá. **Mainel.**






# P

## PENDENTE

Un dos catro triángulos esféricos sobre os que se sustenta unha cúpula. Serven para pasar da planta cadrada á circular, cando os laterais son arcos.





# P

## PERSPECTIVA XERÁRQUICA

Consiste en representar ás personaxes de diferentes tamaños, en función da súa relevancia social.

Asocia coa linguaxe plástica propia das culturas preclásicas.



# P

## PERSPECTIVA AÉREA

Intenta representar a atmosfera que envolve ós obxectos, debuxando ós do fondo máis desvaidamente para conseguir unha sensación real de distancia.



# P

## PERSPECTIVA LINEAL OU CÓNICA

As liñas das figuras son converxentes cara o fondo, cada vez máis pequenas a medida que se desexa presentalas afastadas do espectador. Diminúen de acordo coas liñas de fuga que converxen cara o punto de fuga á altura dos ollos do espectador





# P

## PICTÓRICO

### Relevo pictórico:

Relevo con efectos de perspectiva.

Diseño do relevo no que os elementos da composición van dispostos como se fose unha superficie plana, servíndose da converxencia de líneas, como na pintura, para conseguir o efecto de profundidade.

Tamén degradando o grosor do relevo.



# P

## PIAR:

Elemento sustentante de sección cuadrangular, rectangular ou poligonal. Se ó piar se lle unen columnas ou semicolumnas, denomínase piar composto.






P

# PILASTRA

Piar adosado a un muro.







# P


## PLANTA

A Planta é unha representación gráfica a escala, dun corte horizontal dunha edificación, nela soen aparecer soportes e distribución espacial.



## PLANTA Central


Planta con forma poligonal, circular, ou de cruz grega, organizada con referencia a un punto central.



# P


## PLANTA BASILICAL

Planta de estrutura longitudinal que consta de tres ou cinco naves.




## PLANTA DE CRUZ GREGA

Planta con forma de cruz cos brazos iguais.



## PLANTA DE CRUZ LATINA

Planta con forma de cruz cos brazos desiguais.



# P

## PLÁSTICO:

**Relevo plástico:** Aquel no que predomina a compoñente volumétrica sobre a pictórica.

Conxunto de calidades ou valores plásticos que acentúan a expresividade dunha obra de arte.

Aplicase tamén ás obras nas que salientan a propensión á volumetría, á tridimensionalidade é a proximidade coa escultura (exemplo, Masaccio e Miguel Anxo).






# P

## PRESBITERIO:

Nas igrejas é o lugar reservado ós sacerdotes, onde se atopa o altar maior



# R / T / V / X

Retrato

Rosetón

Técnica de panos mollados

Tímpano

Torso

Tribuna

Triforio

Triglifo

Trompa


Veladura

Xamba

# R

## RETRATO:

Representación pictórica, escultórica ou fotográfica dunha ou varias persoas.






# R

## ROSETÓN

Ventá ou van en forma circular. Normalmente están decorados con unha grella de pedra calada, decorada con vidreiras e tracería.



# T

## TÉCNICA DE PANOS MOLLADOS

Práctica escultórica ideada por Fidias que consiste en presentar os panos, as vestimentas, das figuras pegadas ós corpos, tal e como se estivesen mollados.






# T

## TÍMPANO

Espazo delimitado polo lintel e as arquivoltas nas portadas das igrexas.



## TORSO

Escultura que representa a unha persoa carente de cabeza, brazos, de ter pernas tenas só ata os xeonllos. Adoita estar en escorzo.





# T

## TRIBUNA

Galería sobre a nave lateral dun templo, onde se poden aloxar os fieis. Ten a mesma anchura da nave lateral sobre a que está construída.

## TRIFORIO

Galería estreita de caracter máis ornamental que funcional, aberta nos muros da nave central a que se abre por unha serie de ventás ornamentais, partidas por maineis.


**Non debe confundirse coa tribuna**, que posúe unha anchura igual á da nave lateral sobre a que está construída.



# T

## TRIGLIFO




Motivos decorativos dos frisos dóricos que se dispón en alternancia coas metopas. De forma rectangular e decorado con acanaladuras ou glifos (estriás)



# T

## TROMPA

Pequena bóveda semicónica, disposta nos ángulos dunha base cadrada, co vértice no ángulo dos muros e a parte ancha cara fóra, que se emprega para poder obter catro puntos de apoio que permitan sosteñer unha cúpula, transformando a planta cadrada en octogonal ou circular para asentarse unha cúpula, cando nos laterais hai muros.





# V

## VELADURA



Técnica pictórica consistente en aplicar unha cor moi diluída por riba de cores máis intensas xa secas, co fin de suavizar os tons das mesmas, acadando un efecto de transparencia e luminosidade. Aplicada sobre todo na pintura ao oleo dos séculos XV e XVI.



X

## XAMBA

Cada unha das dúas pezas verticais que enmarcan un van e sosteñen o lintel.



Santa Cristina de Ribas do Sil  
Julio 2005